

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 27 DE MAIO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas do día vintese de maio do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúne se, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados, D^a Gloria Fornos Bastida e D. José Juan Roca Lorenzo. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, é ntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 20.05.2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 20.05.2010.

2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE "MEJORA Y REPOSICIÓN DE LOS SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO DE AGUA, SANEAMIENTO DE PLUVIALES, ALUMBRADO PÚBLICO, SOTERRAMIENTO DEL SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA, RED DE TELECOMUNICACIONES, REPOSICIÓN DE SERVICIOS DE LAS CALLES BARRAL Y CALLE MARÍA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA. CONCELLO DE MUGARDOS". INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional da obra epigrafiada e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. INTEMAGA S.L., INFRAESTRUCTURA, TECNOLOGÍA Y MEDIO AMBIENTE DE GALICIA. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 14.114,26 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que re xen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, relación nominal do persoal de plantilla a empregar na obra) a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a obra de "MEJORA Y REPOSICIÓN DE LOS SERVICIOS DE ABASTECIMIENTO DE AGUA, SANEAMIENTO DE PLUVIALES, ALUMBRADO PÚBLICO, SOTERRAMIENTO DEL SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA, RED DE TELECOMUNICACIONES, REPOSICIÓN DE SERVICIOS DE LAS CALLES BARRAL Y CALLE MARÍA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA. CONCELLO DE MUGARDOS ", incluídas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2010, pola modalidade de procedemento negociado con publicidade, á

empresa D. INTEMAGA S.L., INFRAESTRUCTURA, TECNOLOGÍA Y MEDIO AMBIENTE DE GALICIA C.I.F. B15908684 no prezo de TRESCENTOS VINTESETE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (327.450,86 €) IVE incluído, cuíos datos de adjudicación, tal como se especifica na Resolución do 2 de novembro de 2009, son os seguintes

1.- Procedemento seguido para a licitación das obras: *Negociado con publicidade*

2.- Data adjudicación definitiva: 27.05.2010

3.- Empresa adjudicataria: D. INTEMAGA S.L., INFRAESTRUCTURA, TECNOLOGÍA Y MEDIO AMBIENTE DE GALICIA

C.I.F. B15908684

4.- Importe adjudicación sen IVE: 282.285,22 €

5.- IVA repercutible: 45.165,64 (16 %)

6.- Prazo de execución das obras: Seis (6) meses.

7.- Número total de persoas a ocupar pola empresa adjudicataria:

▪ Integradas na empresa: 15

▪ De nova contratación: 8

8.-Número de conta ao que se efecturá o libramento dos recursos: 2091 0205 36 3110000056 que é a conta diferenciada habilitada a tal efecto.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.150.0.62707 do orzamento vixente.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

Cuarto.- Que se requira ao adjudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adjudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

3.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DNA. HILDA VILLAMARÍN GIL CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE MARZO DE 2010 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA E AS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 4 AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Visto o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villamarín Gil mediante escrito de data 28 de abril de 2010, nº de rexistro de entrada 2.055/30.04.2010, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria e as bases para a contratación de 4 auxiliares do servizo de axuda no fogar.

Atendido o informe emitido polo Secretario da Corporación, de data 19 de maio de 2010, no que, en síntese, se pon de manifesto:

"1.-O recurso fundamentase en que o concello, con carácter previo á aprobación das bases, non cumpriu coa obriga de proceder a negociar o seu contido cos representantes dos traballadores, motivo que entendo non pode ser aceptado, polos seguintes motivos:

- Porque consta expresamente no expediente non só a convocatoria aos delegados de persoal, senón tamén a súa asistencia á reunión extraordinaria da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques realizada o día 18 de febreiro de 2010, á que

asistiron os delegados/as de persoal de CC.OO., D. Juan A. Fernández Coira, e ao da CIG, D. Fco. Javier Carrodeguas Bouza.

- Que a todas as sesións/reunión da comisión citada, na que se tratan temas de persoal, son convocados os representantes dos traballadores polo que, aínda que non consta a denominación concreta de comisión negociadora, o seu fin non é outro que que ditos representates negocien ditos asuntos e fagan as súas propostas, polo que entendo que se ten cumprido a formalidade da negociación de ditas bases, que isto é así o pon de manifesto que cando se tratan as bases noutra comisión (- na de benestar social do 10.11.2009, onde se levaron as bases para a contratación das auxiliares do servizo de axuda no fogar, aquí impugnadas, non son convocados os representantes dos traballadores, o non darse a esas comisións o carácter de comisión negociadora, que se reserva para a de persoal -).

2.- En canto ao exposto nos puntos terceiro, cuarto e quinto, si ben se trata de asuntos e acordos que non son obxecto de impugnación pois só é obxecto de recurso o acordo da Xunta de Goberno Local do 18.03.2010, aprobatorio das bases aquí impugnadas, é necesario reiterar que tanto a oferta de Emprego Público de 2009, como as bases xerais foron obxecto de negociación, posto que os representantes dos traballadores foron convocados e asistiron ás comisións de persoal onde se trataron ditos asuntos, tal como se acredita nas copias das convocatorias e actas das reunións que se xuntan ao presente informe (agás na que se trararon as bases xerais, para a que foron convocados pero non asistiron).

Conclusión.

Do exposto, pode sentarse a seguinte conclusión:

-Que procede desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villmarín Gil por terse negociado as bases cos representantes dos traballadores na reunión da Comisión de Persoal realizada o día 18 de febreiro de 2010."

Por unanimidade acorda:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. HILDA VILLAMARÍN GIL contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria e as bases para a contratación de 4 auxiliares do servizo de axuda no fogar, en base aos motivos que constan no informe e que se dan aquí por reproducidos.

2.- Notificar o presente acordo aos interesados cos recursos pertinentes.

4.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DNA. HILDA VILLAMARÍN GIL CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE MARZO DE 2010 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA ESPECÍFICA 2/2009 E AS BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN OFICIAL DE 2ª CHOFER DO SERVIZO DO LIXO.

Visto o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villamarín Gil mediante escrito de data 28 de abril de 2010, nº de rexistro de entrada 2.056/30.04.2010, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria específica 2/2009 e as bases para a contratación dun oficial de 2ª chófer do servizo do lixo.

Atendido o informe emitido polo Secretario da Corporación, de data 19 de maio de 2010, no que, en síntese, se pon de manifesto:

"1.-O recurso fundamentase en que o concello, con carácter previo á aprobación das bases, non cumpriu coa obriga de proceder a negociar o seu contido cos representantes dos traballadores, motivo que entendo non pode ser aceptado, polos seguintes motivos:

- Porque consta expresamente no expediente non só a convocatoria aos delegados de persoal, senón tamén a súa asistencia á reunión extraordinaria da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques realizada o día 18 de febreiro de 2010, á que asistiron os delegados/as de persoal de CC.OO., D. Juan A. Fernández Coira, e o da CIG, D. Fco. Javier Carrodegua Bouza, modificándose a proposta deste último as bases ampliándose a promoción a todos os peóns, limpiadores/as e conserxes do concello, a diferenza do que figuraba na proposta de bases, nas que só se posibilitaba a promoción aos peóns do servizo de lixo.

- Que a todas as sesións/reunión da comisión citada, na que se tratan temas de persoal, son convocados os representantes dos traballadores polo que, aínda que non consta a denominación concreta de comisión negociadora, o seu fin non é outro que que ditos representates negocien ditos asuntos e fagan as súas propostas, polo que entendo que se ten cumprido a formalidade da negociación de ditas bases, que isto é así o pon de manifesto que cando se tratan as bases noutra comisión (- na de benestar social do 10.11.2009, onde se levaron as bases para a contratación das auxiliares do servizo de axuda no fogar, non son convocados os representantes dos traballadores, ao non darse a esas comisións o carácter de comisión negociadora, que se reserva para a de persoal -).

2.- En canto ao exposto nos puntos terceiro, cuarto e quinto, si ben se trata de asuntos e acordos que non son obxecto de impugnación pois só é obxecto de recurso o acordo da Xunta de Goberno Local do 18.03.2010, aprobatorio das bases aquí impugnadas, é necesario reiterar que tanto a oferta de Emprego Público de 2009, como as bases xerais foron obxecto de negociación, posto que os representantes dos traballadores foron convocados e asistiron ás comisións de persoal onde se trataron ditos asuntos, tal como se acredita nas copias das convocatorias e actas das reunións que se xuntan ao presente informe (agás na que se trataron as bases xerais, para a que foron convocados pero non asistiron).

Conclusión.

Do exposto, pode sentarse a seguinte conclusión:

-Que procede desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villmarín Gil por terse negociado as bases da convocatoria específica 2/2009, oficial 2ª, chófer servizo lixo, por promoción interna, cos representantes dos traballadores na reunión da Comisión de Persoal realizada o día 18 de febreiro de 2010."

Por unanimidade acorda:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. HILDA VILLAMARÍN GIL contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria específica 2/2009 e as bases para a contratación dun oficial de 2ª chófer do servizo do lixo, en base aos motivos que constan no informe e que se dan aquí por reproducidos.

2.- Notificar o presente acordo aos interesados cos recursos pertinentes.

5.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DNA. HILDA VILLAMARÍN GIL CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE MARZO DE 2010 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA ESPECÍFICA 1/2009 E AS BASES DUNHA PRAZA DE LIMPADOR/A DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Visto o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villamarín Gil mediante escrito de data 28 de abril de 2010, nº de rexistro de entrada 2.057/30.04.2010, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria específica 1/2009 e as bases dunha praza de limpador/a de edificio municipais.

Atendido o informe emitido polo Secretario da Corporación, de data 20 de maio de 2010, no que, en síntese, se pon de manifesto:

"1.-O recurso fundamentase en que o concello, con carácter previo á aprobación das bases, non cumpriu coa obriga de proceder a negociar o seu contido cos representantes dos traballadores, motivo que entendo non pode ser aceptado, polos seguintes motivos:

- Porque consta expresamente no expediente non só a convocatoria aos delegados de persoal, senón tamén a súa asistencia ás sesións da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques realizadas os días 4 de febreiro de 2010, e 18 de febreiro de 2010, ás que asistiron os delegados/as de persoal de CC.OO., D. Juan A. Fernández Coira, e o da CIG, D. Fco. Javier Carrodegua Bouza.

- Que a todas as sesións/reunión da comisión citada, na que se tratan temas de persoal, son convocados os representantes dos traballadores polo que, aínda que non consta a denominación concreta de comisión negociadora, o seu fin non é outro que que ditos representates negocien ditos asuntos e fagan as súas propostas, polo que entendo que se ten cumprido a formalidade da negociación de ditas bases, que isto é así o pon de manifesto que cando se tratan as bases noutra comisión (- na de benestar social do 10.11.2009, onde se levaron as bases para a contratación das auxiliares do servizo de axuda no fogar, non son convocados os representantes dos traballadores, ao non darse a esas comisións o carácter de comisión negociadora, que se reserva para a de persoal -).

2.- En canto ao exposto nos puntos terceiro, cuarto e quinto, si ben se trata de asuntos e acordos que non son obxecto de impugnación pois só é obxecto de recurso o acordo da Xunta de Goberno Local do 18.03.2010, aprobatorio das bases aquí impugnadas, é necesario reiterar que tanto a oferta de Emprego Público de 2009, como as bases xerais foron obxecto de negociación, posto que os

representantes dos traballadores foron convocados e asistiron ás comisións de persoal onde se trataron ditos asuntos, tal como se acredita nas copias das convocatorias e actas das reunións que se xuntan ao presente informe (agás na que se trararon as bases xerais, para a que foron convocados pero non asistiron).

Conclusión.

Do exposto, pode sentarse a seguinte conclusión:

-Que procede desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Hilda Villmarín Gil por terse negociado as bases da convocatoria específica 1/2009, limpiador/a edificios municipais, mediante concurso oposición, turno libre cos representantes dos traballadores nas reunións da Comisión de Persoal realizadas os día 4 e 18 de febreiro de 2010."

Por unanimidade acorda:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. HILDA VILLAMARÍN GIL contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.03.2010 polo que se aproban a convocatoria específica 1/2009 e as bases dunha praza de limpador/a de edificio municipais, en base aos motivos que constan no informe e que se dan aquí por reproducidos.

2.- Notificar o presente acordo aos interesados cos recursos pertinentes.

6. RECTIFICACIÓN DE ERROS DE IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA EN APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

Advertido erro material nos acordos que deseguido se relacionan, adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesións realizadas os días 23.04.2010 e 06.05.2010 respectivamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda proceder á súa rectificación tal como figura a continuación:

A) PUNTO 7. C DA ORDE DO DIA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 23.04.2010:

Obxecto: Corrección de erro material na partida orzamentaria.

2.- CERTIFICACIÓN Nº 1. D OBRA DE "SANEAMENTO AUGAS FECAIS EN IGREXA-A FONTE" INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2009 POS (2009)

No punto 1º do acordo, onde dí: "Con cargo á partida 2010.0.161.0.62700...", *debe dicir:*
"Con cargo á partida 2010.1.161.0.62700..."

Quedando en consecuencia redactado o devantido punto 1º do acordo tal como figura deseguido:

"C) CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DE "SANEAMENTO AUGAS FECAIS EN IGREXA-A FONTE" INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2009 (POS 2009).

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1 da obra de " SANEAMENTO AUGAS FECAIS EN IGREXA-A FONTE", incluídas no Plan de Obras e servizos 2009 (POS 2009), por importe de TRINTA E NOVE MIL TRINTA E CINCO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (39.035,06 €), con cargo á partida 2010.1.161.0.62700 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación. "

B) PUNTO 5 DA ORDE DO DIA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 06.05.2010

Obxecto: Corrección de erro material na partida orzamentaria.

5.- CERTIFICACIÓN Nº3, LIQUIDACIÓN DAS OBRAS DE REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS E ACTA DE RECEPCIÓN (ACTUACIÓN ARI)

No punto 1º do acordo, onde dí: "Con cargo á partida 2010.0.150.0.60901...", *debe dicir: "Con cargo á partida 2010.1.150.0.60904.. "*

Quedando en consecuencia o acordo redactado do seguinte xeito:

"5.- CERTIFICACIÓN Nº3, LIQUIDACIÓN DAS OBRAS DE REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS E ACTA DE RECEPCIÓN (ACTUACIÓN ARI)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 3- Liquidación da obra de "REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS ", por importe de DEZ MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (10.096,74 €), con cargo á partida 2010.1.150.0.60904 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 27.03.2010."

7.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE " ABASTECIMENTO DE AUGA A LODAIRO", INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 2009.

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial de A Coruña relativa á contratación das obras incluídas no POS ADICIONAL 2009, e tendo en conta a proposta

formulada pola Alcaldía, en data 21.05.2010, así como os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 1.000.000 euros as obras de:

<u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u>	<u>IMPORTE</u>
ABASTECIMIENTO DE AUGA Ó LODAIRO.....	68.014,19 €

e que se soliciten propostas a tres empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das devanditas obras.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial (BOP nº. 29.04.2008)

3- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010. 0.161.0.62705 do orzamento vixente.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e oito minutos do día ao comezo sinalado, polo sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE